

Que lê?



Eduardo Estévez

'Hai moitos libros de xente nova que paga a pena ler'

Estou lendo unha novela de Juan José Sáer, un escritor arxentino que gañou o premio Nadal hai dez anos que se chama *La Ocasión* e veño de rematar o *Abecedario da Desolación* de Miro Villar.

Que recomendarías ler?

O *Abecedario da desolación*. Parece-me o mellor que se ten escrito na poesía galega, do que eu teño lido de hai moitos anos ou *Fado* de Paco Souto, un libro fantástico. En todo caso coido que ultimamente hai moitos libros de xente nova que paga a pena ler.

Ven de presentar *Só paxaros saíron desta boca*, Accésit de Poesía do premio Miguel González Garcés e só levas na Galiza desde o ano 1995, que representa este premio?

Resulta sorprendente no meu caso, sobre todo porque abriu a posibilidade de publicar un libro que parecía non interesar a ninguén. Mandárao a todas as editoriais que publican poesía neste país e devolvéranmo sempre. De súpeto, un día, consegue un premio cando xa non esperaba nada del.

En tres anos inseriuse nunha cultura nova, aprendeu a lingua, escribe poesía en galego, publica libros e gaña premios, foi por necesidade ou por consciencia?

O problema lingüístico non foi tal, púxenme ao chegar e aprendín. O problema expresivo foi maior pero penso que a estas alturas trátase de escribir e facer cadrar as cousas. Fundamentalmente é cuestión de traballo e de ter os ollos abertos. Elliot dicía que os povos que teñen linguas reprimidas seguen mantendo produción poética nesa lingua. Hai un artigo no que parece que estaba pensando na Galiza. Pero alén de ser unha expresión de sentimentos, a poesía é ficción como a prosa. Unha ficción que se presenta dun punto de vista menos narrativo e máis psicolóxico. A lingua non foi un obstáculo pero si supuxo moito traballo. Paradoxicamente, agora estou tentando traducir as últimas cousas que escribin para mandarllas aos amigos e hai casos nos que non dou atopado a palabra axeitada, pero sairá tamén con traballo. ♦

Buenos Aires (1969).

Obras: Catedrales de perfil, 1990; Ya tan des habitado, 1994; Só paxaros saíron, 1998.